



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](http://15702.SANTIAGO.DE.COMPOSTELA)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcmgalega@gmail.com
Web: www.fcgalega.com



ACTA 2/2024

REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL

ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILO GALEGA CELEBRADA O DÍA 01 DE XUÑO DE 2024.

En Santiago de Compostela, sendo as 10:05 horas do día 01 de xuño de 2024 en segunda convocatoria, reúnese a **ASEMBLEA XERAL DA FCG, con carácter extraordinario** e de forma telemática, presidida por D. Enrique Freire Sobral, actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE:

D. Enrique Freire Sobral

SECRETARIO:

D. Manuel Rey San Luis

TESOUREIRO:

D. José R. Costas Carbajal

ESTAMENTO DE CLUBS:

D. MANUEL FERNANDEZ MALLO(C.C. Herculino) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o seu presidente D. Julio Alfonso Paz Ruiz**

D. ANTONIO C. PEREIRO FRANCÉS (U.C.M. Mariñas Altas) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o seu presidente D. Enrique García Rodríguez**

D. ALEXANDRE REY LAMAS (C.C.Alas Compostelanas) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o seu presidente D. Daniel Rodríguez Dopazo**

D. CARLOS FERNÁNDEZ REY (C.C.Pombas do Salnés)

D. LOIS SEIJO CASTRO (S.C.Lucense)

D. JOSÉ M. MACIEL COMESAÑA (C.C.Mensaxeiras de Nigrán)

D. JAVIER FERNÁNDEZ PENA (C.C.Terracha)

D. JAIME M. LOPEZ RODRÍGUEZ (C.C.Aires de Lemos)

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. RAFAEL PIÑEIRO RODRÍGUEZ

D. JULIO GONZALEZ IGLESIAS

Escusan a súa asistencia:

D. RAMÓN IGLESIAS FERNÁNDEZ (C.C.Pombas da Mariña)

D. PEDRO BECERRA GONZALEZ (Estamento de Xuices)

D. JOSÉ C. CASTRO PORTA (U.C.M. Mariñas Altas)

D. JESUS RODRÍGUEZ COSTAS (Estamento de Deportistas)

D. MANUEL VILABOA ALMEIDA (Estamento de Deportistas)

D. LUIS A. FROIZ SOLIÑO (Estamento de Deportistas)

D. JESÚS O. BUDIÑO PEREIRA (Estamento de Deportistas)

D. CARLOS BUDIÑO PEREIRA (C.C. Mensajeras de Cambre)

D. DAVID RODRIGUEZ ROMERO (C.C.Palomas Mensajeras de Vigo)



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcmgalega@gmail.com
Web: www.fcmgalega.com



D. ALFONSO M. POZACO GONZALEZ (C.C.Porriño)
D. ANGEL TORRE IGLESIAS (Estamento de Deportistas)
D. BRUNO DÍAZ FERNÁNDEZ (Estamento de Deportistas)
D. OSCAR SANJURJO GONZÁLEZ (Estamento de Xuices)
D. DANIEL CARBALLAL TORRES (C.C.Ria de Pontevedra)

Esta reunión axústase ó seguinte **Orde do día**:

- 1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior.
- 2.- Coñecemento do balance económico ao 30-04-24.
- 3.- Aprobación (se procede) das contas anuais correspondentes ao exercicio económico 2023.
- 4.- Acordo de datas para a celebración da Exposición Autonómica da Pomba Mensaxeira.
- 5.- Rogos e preguntas.

Toma a palabra o Sr. presidente para agradecer a asistencia a todos os membros a esta reunión, dando continuidade á mesma.

A continuación e previo a iniciación desta reunión, o secretario solicita autorización para poder ser grabada, dando autorización todos os membros asistentes.

O Secretario informa os presentes do mail recibido por parte de David Rodríguez Romero (presidente do Club Palomas Mensajeras de Vigo) no que comunica que non pode asistir á reunión por motivos de traballo e no que expresa tamén a súa aprobación dos puntos da Orden do Día a tratar. Así mesmo informa tamén do comunicado recibido esta mañá a través de WhatsApp de Angel Torre Iglesias (representante por estamento de deportistas) no cal escusa a súa asistencia e a de José C. Castro Porta (presidente do Club Mariñas Altas) a esta reunión por motivos persoais, expresando no mesmo comunicado ambas as aprobacións aos puntos da Orden do Día a tratar, (anéxanse documentos recibidos).

Unha vez rematada esta intervención dáse comezo coa reunión.

Primeiro.- LECTURA E APROBACION SI PROCEDE DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.

Os asistentes coñecen a acta nº 1 de data 27 de xaneiro de 2024 que se lles remitiron coa convocatoria.

Non habendo alegacións sobre a mesma, esta é aprobada por unanimidade.

Segundo.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 30-04-24

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance ao 30-04-2024 dando un rápido repaso ás diferentes contas de gastos e ingresos deténdose nalgunha delas para realizar consideracións sobre as mesmas.

O Sr. Camilo Pereiro quere facer constar en acta o feito de que se realizase por parte do Sr. Tesoureiro unha amortización “acelerada” dunha serie de partidas pendentes de amortizar sen a aprobación da asemblea, podendo destinar o diñeiro á subvención para os concursos deportivos no canto das amortizacións.



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcmgalega@gmail.com
Web: www.fcmgalega.com



Como resposta por parte do Sr. Tesoureiro, tomou esa decisión a final de ano e destinar o diñeiro orzado e non realizado da Exposición a estas amortizacións porque na Asemblea de novembro xa estaba pechado o importe destinado a subvencionar aos clubs en canto aos concursos deportivos. De todos os xeitos ten en conta esta apreciación de D. Camilo Pereiro para emendar estas circunstancias en diante.

O Sr. Maciel Comesaña fai mención ao excesivo que lle parece o importe que se paga polo mantemento e actualización do programa informático e se non se pode buscar outro sistema máis económico.

Respóndeselle que no seu momento xa se contactou con varios provedores informáticos similares ao que temos actualmente e que o custo era o mesmo ou superior. Como apreciación a esta problemática, o Sr. Enrique Freire comenta que agora mesmo non sería conveniente cambiar de sistema informático porque despois de tanto tempo traballando co mesmo os clubs xa están afeitos a el e cambiar a outro sería problemático.

Acórdase falar con Vicente Prats (provedor informático) para acordar un sistema de pago máis acorde coa situación económica de cada club.

Dada a débeda acumulada á data de hoxe polo club Pombas dá Mariña acórdase nesta reunión enviarlle unha notificación para que proceda ao pago da mesma.

Terceiro.- APROBACIÓN (SE PROCEDE) DAS CONTAS ANUAIS CORRESPONDENTES AO EXERCICIO ECONÓMICO 2023.

Coa convocatoria desta reunión enviáse a documentación relativa ás contas anuais do exercicio 2023.

Non habendo alegacións a estas contas anuais on aprobadas por unanimidade.

Cuarto.- ACORDO DE DATAS PARA A CELEBRACION DA EXPOSICIÓN AUTONÓMICA DA POMBA MENSAXEIRA.

Toma a palabra o Sr. Manuel Mallo como representante do club organizador da Exposición Galega dá Pomba Mensaxeira para informar os membros asistentes das xestións realizadas ata a data en canto a este tema e a dificultade que están a atopar para localizar un local acorde para a súa celebración. De momento non pode facilitar unha data concreta ata non atopar o sitio adecuado para este acto, irán informando das xestións realizadas e das datas de celebración unha vez teán todo rematado.

Quinto.- ROGOS E PREGUNTAS.-

a).- O Sr. Maciel Comesaña comenta que o punto de solta de Canet de Mar non é o sitio máis idóneo para realizar esta solta de gran fondo.

A contestación por parte do Sr. Camilo Pereiro (como presidente da Comisión Deportiva) é que este punto de solta aprobouse na Asemblea e que a un mes e medio da celebración do concurso non é o momento nin as formas de facer ningún cambio.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D

15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tfno.: 605.115.366

E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Web: www.fcgalega.com



b).- O Sr. Camilo Pereiro, expresa a súa preocupación despois de todos os inconvenientes xurdidos este ano polo tema climatolóxico e que sería importante contar cunha persoa que nos asesore neste tema antes de realizar calquera solta. Comenta que a Federación Portuguesa ofreceuse para asesorar á nosa comisión deportiva en canto a estos temas. Sería conveniente levar este tema á seguinte Asemblea Xeral para a súa aprobación.

Doutra banda, dadas as carencias xurdidas na categoría de xuíces nacionais, convida aos presidentes dos clubs a que anime aos seus socios á inscrición no curso de xuíces, sexa a categoría que sexa, para que non se perda o bo traballo realizado por Benigno Conde como xuíz nacional ao longo de todos estes anos coas distintas Exposicións.

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión, sendo as Doce horas e seis minutos do día da data.

Asdo: Enrique Freire Sobral
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](https://www.fcgalega.com)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com
Web: www.fcgalega.com



DOCUMENTOS ANEXOS Á ACTA

1/6/24, 9:59

Gmail - DOCUMENTACIÓN REUNION ASAMBLEA



Manuel Rey San Luis <secretariafcgalega@gmail.com>

DOCUMENTACIÓN REUNION ASAMBLEA

David Romero <davidromeroinmo@gmail.com>
Para: Manuel Rey San Luis <secretariafcgalega@gmail.com>

31 de mayo de 2024, 22:29

Buenas noches Manuel, al final mañana tengo que trabajar, así que no podré asistir a la asamblea. En cuanto a mi opinión de los temas a tratar, estoy de acuerdo con el acta, estoy de acuerdo con las cuentas y la fecha de la excursión, creo que debe tenerse muy en cuenta la opinión el club organizador, que si no me falla la memoria es el Herculino.

Un saludo a todos y disculpar.
David R. Romero
[El texto citado está oculto]

1/6/24, 08:41

WhatsApp

Buenos días Manolo.
De Mariñas Altas,hoy no podemos a asistir ningún representante a la asamblea. Carlos no puede por asuntos particulares y a mí,me acaba de surgir una emergencia que me impide estar. Discúlpanos ante la asamblea.
Si sirve de algo,estamos de acuerdo en aprobar todos los puntos del orden del día.
Saludos